



Actuaciones Municipais en Materia de Envelhecimento Activo: Galicia – Norte de Portugal

Informe Cualitativo Novembro 2013

I. INTRODUCCIÓN	4
-----------------	---

A. GRUPOS DE DISCUSIÓN

II. CONCEPTO DA PERSOA MAIOR E AUTOPERCEPCIÓN	7
---	---

III. MOTIVACIÓNS PARA “ACTIVARSE”/ “NON ACTIVARSE”	8
--	---

IV. VANTAXES DE “ACTIVARSE”	10
-----------------------------	----

V. ENVELLECIMENTO NO EMPREGO	11
------------------------------	----

VI. PARTICIPACIÓN NA SOCIEDADE	12
--------------------------------	----

VII. VALORACIÓN DAS POLÍTICAS DIRIXIDAS ÁS PERSOAS MAIORES E EXPECTATIVAS DE FUTURO	13
---	----

B. ENTREVISTAS EN PROFUNDIDADE

VIII. DEFINICIÓN E SERIEDADE DO PROBLEMA	14
--	----

IX. CONCEPTO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO	15
---------------------------------------	----

X.	PRIORIDADES E INSTRUMENTOS BÁSICOS DAS POLÍTICAS DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO EN GALICIA	17
----	---	----

XI.	PAPEL DAS ASOCIACIÓN DE PERSOAS MAIORES E DOUTRAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO	19
-----	--	----

XII.	CONCLUSIÓNS: “MAPA DO CAMBIO”	20
------	-------------------------------	----

XIII.	ANEXO: TRASCRIÇÃO	22
-------	-------------------	----

I. INTRODUCCIÓN

Para a elaboración deste estudo realizáronse dúas técnicas de investigación cualitativas diferentes: os grupos de discusión e as entrevistas en profundidade.

A información proporcionada polos grupos de discusión serve para analizar as aspiracións e necesidades, o uso dos recursos, as estratexias e as prácticas de participación de cada xeración e etapa de envellecemento.

A composición dos grupos de discusión permítenos facer o retrato de familia das persoas maiores máis “activas” ou máis participativas, identificando diferencias relevantes entre: i) homes e mulleres, e ii) persoas que viven na cidade, na vila ou no eido rural.

O perfil das 16 persoas maiores que integraron os grupos de discusión é o seguinte:

- Todas as persoas participan en varias actividades para a promoción do envellecemento activo.
- 8 son mulleres e 8 homes.
- 8 viven na cidade, 3 na vila e 5 no eido rural.
- 7 contan con estudos superiores, 6 con estudos medios ou básicos, e 3 non puideron estudar.
- 3 teñen entre 55 e 65 anos, 8 entre 66 e 75 anos, e 5 máis de 75 anos.

Os resultados obtidos preséntanse en seis bloques temáticos:

- Concepto de persoa maior e autopercepción
- Motivacións para “activarse” / non activarse
- Vantaxes de activarse
- Envellecemento no emprego
- Participación na sociedade
- Valoración das políticas dirixidas ás persoas maiores e expectativas de futuro.

En canto a información que proporcionan as entrevistas en profundidade a actores chave implicados no deseño e a execución das políticas públicas de envellecemento activo permítenos profundizar na análise da evolución dos procesos participativos nas dimensións conceptuais e operativas destas políticas.

O perfil dos entrevistados é o seguinte:

- 1 responsable político da Xunta de Galicia

-Coro Piñeiro, Secretaria Xeral de Política Social (Xoves día 14 de novembro, 10:00 horas. Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).

- 1 responsable técnico da Xunta de Galicia:

-Jesús Marcial Méndez, Subdirector Xeral de Planificación e Innovación (Luns día 11 de novembro, 13:30 horas. Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).

- 2 profesionais do sector privado:

-Miguel Ángel Vázquez, Socio Consultor CALIGERS S.L. (Martes día 5 de novembro, 19:00 horas, Centro Asistencial San Rafael, Rúa San Juan de Dios, núm. 1, Coia, Vigo).

-Sofía Currás, Responsable Servicios Sociosanitarios Grupo EULEN (Venres día 15 de novembro, 10:00 horas, Ctra. Baños Arteixo, núm. 21, A Coruña).

- 4 profesionais do sector sen ánimo de lucro:

-Paula Sande, Coordinadora Aulas da 3ª Idade de Galicia (Martes día 5 de novembro, 10:30 horas, Rúa Virxe da Cerca, núm. 31, Santiago de Compostela).

-Trinidad Lorenzo, Departamento de I+D+i+calidad, UDP-Coruña (Venres, día 8 de novembro, 11:00 horas, Avda. de Cádiz, núm. 5, A Coruña).

-David Facal, Vogal Psicoxerontoloxía da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (Venres, día 22 de novembro, Facultade de Psicoloxía, Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n, Campus vida, Santiago de Compostela) .

-José Carlos Millán, Presidente da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría (Martes, día 26 de novembro, 10:00 horas, Campus de Oza, Rúa da Maestranza, núm. 9, A Coruña).

Os resultados obtidos preséntanse en catro bloques temáticos:

- Definición e seriedade do problema.
- Concepto de envellecemento activo.
- Prioridades e instrumentos básicos das políticas de envellecemento activo en Galicia.
- Papel das asociacións de persoas maiores e doutras entidades sen ánimo de lucro.

O presente informe complétase cun apartado de conclusións xerais onde definimos o Mapa de Cambio das políticas de Envellecemento activo, así como un anexo coas transcripcións selectivas dos Grupos de Discusión.

II. CONCEPTO DA PERSOA MAIOR E AUTOPERCEPCIÓN

- As persoas maiores máis activas coidan que o concepto de persoa maior variou moito dende que eles teñen recordo.
- **Son conscientes de que son útiles (e podían ser todavía máis útiles) á sociedade, e detectan un cambio nos últimos anos na imaxe que a sociedade ten das persoas maiores.**

"Antes ser maior era desaparecer da sociedade. Hoxe en día coido que realmente a sociedade entendeu, bueno, en parte, que as personas maiores poden ser moi valiosas; é un cúmulo de experiencias que podemos transmitir aos máis novos, e iso hoxe en día é o máis importante" [Muller, 69 anos, cidade]

- Destacan como aspectos positivos de envellecer: acumular experiencia e sabiduría, coñecerse millor, gañar confianza e restar importancia "ao que dirán".
- Suliñan como aspectos negativos de envellecer: perder seres queridos, o medo á soidade, a unha caída, á morte.

"Para min ser maior é un estado biolóxico, un acumula saberes, experiencia, e comezas a esquecer, cómpre comezar a esquecer unha serie de historias que temos rexistradas no noso cerebro, porque moitas veces poden ser un lastre para a nosa vida agora mesmo" [Home, 70 anos, cidade]

"Eu coido que mentras teñas ilusión por saír, por moverte, por facer algo coas amigas, por facer algo, no te sintes maior. Maior é cando empezas a quedar só na casa" [Muller, 60 anos, vila]

"Para min é moi triste (...) Eu, en realidade, á idade que teño, vivo cun pouco de medo..." [Muller, 73 anos, vila]

- Entenden a vellez como unha continuación da vida anterior, e todos negan sentirse maiores.**

"Teño 77 anos e non me considero maior, todavía non" [Muller, 77 anos, cidade]

"Eu síntome tan vital en moitos momentos como cando era máis nova, salvo cando tes ises pequenos achaques" [Muller, 69 anos, cidade]

"A parte do efecto rebote no espello, que desmellora a imaxe, eu coido que todos temos como mecanismo de defensa non sentirnos maiores nin física nin mentalmente, e tentarser coherentes nesa liña de actuación para que a vellez non se instale no teu organismo [Home, 70 anos, cidade]

"Nas reunión sempre hai alguén que di `é que a min a palabra maior só ma din cando veño a una reunión da Xunta ou cando veño a un congreso`, e nós, eu polo menos, coido que é unha continuación da miña vida" [Muller, 69 anos, cidade]

"O importante é ir chegando, non quedar cedo no camino, facer por chegar ben. E cómpre pór moito da túa parte, moito para chegar ben" [Muller, 72 anos, cidade]

III.MOTIVACIÓN PARA "ACTIVARSE"/ "NON ACTIVARSE"

- As persoas máis participativas son conscientes de que estando máis activos retrasan o envellecemento.

"Coido que é un mecanismo de defensa (...) para manterte, estar en contacto, como un mecanismo para sobrevivir, (...) tamén para saír da casa!" [Home, 70 anos, cidade]

"Como dixo o Pai, `de neno correr, de media idade andar, e de maior con bastón andar tamén, non parar, andar`. Leva razón, non se parar" [Home, 82 anos, rural]

- Os maiores activos deixan entrever que para manterse activos precisan moita forza de vontade.

"Cómpre ter moito ánimo, moita vontade" [Home, 76 anos, cidade]

"A vida é un estado de ánimo. Entón, en función de como teñas o ánimo, como queiras telo, pois te divirtes, te relacionas, empatizas, e buscas os teus propios mecanismos de defensa" [Home, 70 anos, cidade]

- Buscan sobre todo participar nunha rede social, amizade.

"Eu digo, se me vou un día para outro sitio, eu voume ao centro social, se hai, e xa está. Xa empezas ben, e alí xa vas facer amizades" [Muller, 59 anos, rural]

- Coidan que as persoas maiores que non están activadas: i) non teñen inquietudes, ou ii) carecen da vontade suficiente para facer o esforzo de integrarse nun grupo, ou iii) non coñecen as posibilidades que existen para estar activos, ou iv) as rexeitan por estar vencelladas á igrexa ou promovidas "por políticos".

"Nós somos xente que sempre está buscando algo que facer, non ficar na casa, non só ir a alameda; hai moita xente que non sabe que facer, non ten un apoio ou unha facilidade, non ten un coñecemento destes sitios" [Home, 74 anos, cidade]

"Tamén inflúe a liberdade das persoas. Moita xente di: é que é unha entidade que depende de relixiosos, ou de políticos; e aí a xente escapa, e xa di que é a súa liberdade e voume para a alameda. E esa liberdade tamén é moi difícil de podela atacar (...) e despois tampouco ten ansias ao millor (porque tamén é moi bo ter ansias ata que morres, de coñecer algo máis). Moita xente non ten esa ansia, chégalle co que fixo" [P8]

- É moi significativa a diferenza entre homes e mulleres. As mulleres tenden a liderar os grupos de **activados**, con independencia de que no pasado tivesen ou non un traballo remunerado e do seu nivel de estudos. **Os homes activos falan das dificultades de outros homes para integrarse, sobre todo dos que non tiveron empregos cara ao público ou en xeral ocupacións que lles permitisen desenvolver as súas habilidades sociais**; testemuñan que algúns homes tentaron asistir a actividades, pero desistiron. Afirmen que en xeral os homes só van aos viaxes; non obstante, tamén detectan nos últimos anos un incremento do número de homes que participan.
- **É relevante a diferenza asociada ao tipo de hábitat**. Todos observan que na cidade hai máis oportunidades de estar activo. As persoas do rural argumentan que non participan máis porque o desprazamento lles ocupa moito tempo, e afirman que outras persoas maiores do rural non asisten a actividades porque non conducen e dependen de familiares ou veciños para que os transporten ao lugar onde se desenvolven. Incluso, **no rural segue a estar mal visto adoptar conductas participativas**.

“Vivo nunha aldea e moita xente criticoume porque díxome que estaba un pouco pasada” [Muller, 59 anos, rural]

IV. VANTAXES DE “ACTIVARSE”

O que valoran máis as persoas activadas é coñecer e estar en contacto con outras persoas, a conversa e o cariño.

“É que vés un ano a actividades e coñeces máis xente que vivindo toda a vida en Padrón [Muller, 60 anos, vila]

“Eu coido que o máis importante é charlar bis a bis, ou tris a tris... é moi importante. A comunicación entre persoas é moi chave, moito. Hai moita soidade entre as persoas maiores” [Muller, 69 anos, cidade]

“A experiencia é moi satisfactoria porque a xente é moi agradable, moi aberta en xeral, e atopas novas amizades e fanche a vida moito máis agradable” [Muller, 78 anos, cidade]

- En menor medida, seguir aprendendo tamén é motivo para activarse e fonte de satisfacción.

“Pero eu aprendín moitas cousas eh, cando viñen non sabía nada de informática e agora fago os PowerPoint, as presentación e así, deféndome, aquí aprendín moito, agora iso si, aprendes doutro xeito. Agora... aprendes por hobby” [Muller, 77 anos, cidade].

- Son conscientes de que estar activos é moi positivo para eles, para as súas familias e para a sociedade no seu conxunto.

“Aquí podes, coñecendo un pouco a determinadas persoas, pode entrar algunha que pola súa soidade, ou problemas na vida, podes tratar de axudar. Hai xente moi preparada aquí, que conecta deseguida con ela, a arroupa, a axuda, e procura levantarlle o ánimo, e llo levanta!” [Home, 74 anos, cidade]

“Pódovos asegurar que hai xente que veu deprimida e neste momento está moi ben, polo que lle estamos aforrando cartos á seguridade social en fármacos, e a Europa!” [Muller, 69 anos, cidade]

V. ENVELLECIMIENTO NO EMPREGO

- Coidan que, en xeral, os 65 anos é una boa idade para xubilarse e poder disfrutar uns anos da vida. Non obstante, entenden: i) dunha banda, que na medicina ou no ensino, entre outras profesións cualificadas nas que a experiencia é especialmente importante, a idade de xubilación podería retrasarse ata cando menos os 70 anos; e, ii) doutra banda, que nos oficios que esixen un especial esforzo físico a idade de xubilación debería manterse por debaixo dos 65 anos.

“Traballos xerais que non sexan moi de función física, aos 65 anos é una idade bastante aceptable. Porque aos 65 anos estando ben aínda podes disfrutar algo da vida. Pero aos 70 igual xa é moi tarde para vivilo” [Home, 74 anos, cidade]

“Eu coido que depende da saúde e do traballo, un mineiro ten que deixalo antes, un médico pode alongalo máis. Non se pode xeralizar” [Muller, 78 anos, cidade]

“Eu traballei ata os 70, e disfrutei os mundos. E non teño ningunha mágoa por estar ata ises anos. Pero bueno... pode ser una excepción” [Muller, 77 anos, cidade]

- Valorarían moi positivamente a promoción de persoas maiores como mentores-titores de traballadores máis novos, así como a introducción de procesos graduais de xubilación parcial. Argumentan que sería moi bo tanto para a aprendizaxe dos novos, como para eles. Gustaríalles moito poder ensinar do que saben máis, e tamén manter as relacións sociais asociadas ao traballo.

“Coido que si tes un traballo e o fas con gusto, estás millor. Primeiro porque gañas máis (...), e é a vida máis, máis chea...” [Home, 70 anos, vila]

“Incluso despois de xubilado me chamaban para saber como se facía tal cousa, porque a experiencia de moitos anos nunha ocupación (...) Entón, como facíamos isto... eu estaría disposto a seguir botando unha man, pero bueno... agora hai unha lei que te xubilas... por imperativo legal. Por iso agora xa non son traballador, son xubiloso” [Home, 77, cidade]

VI. PARTICIPACIÓN NA SOCIEDADE

- Ven con naturalidade axudar a familiares nas tarefas do fogar ou facéndolles recados; non lle dan ningunha importancia.
- Desfrutan dos netos, sobre todo ensinándolles cousas novas.
- **Moitas persoas maiores activas realizan tarefas de voluntariado. A principal motivación é axudar a persoas que o precisan. Outras razóns que esgrimen para ser voluntarios son: manterse ocupados, coñecer xente, e aprender cousas novas.**

“Hai moitas persoas maiores que coma ela participan en voluntariado, en Santiago hai moitísimas, que axudan a familias con alimentos e roupa, a familias en crise, familias de clase media normal, están aumentando, que eran 2 ou 3 fillos, que perden o traballo e teñen que ir a isos voluntariados a pedir axuda. E a maioría dos que axudan son persoas maiores, unha labor encomiable” [Muller, 78 anos, cidade]

- **As persoas que non son voluntarias din que non teñen tempo para realizar máis actividades. Coidan tamén que fai falla máis información sobre as opcións que teñen para ser voluntarios. Ademais, as persoas que viven no rural ven máis dificultades para converterse en voluntarias.**
- Algunhas persoas non propiamente voluntarias apuntan que hai moitas formas de axudar, como dedicar tempo a escoitar, porque hai moitas persoas moi soas, argumentan.

“Esa función de parar, escoitar e falar é una función que practicamos agora coas novas tecnoloxías, que foi unha revolución o correo electrónico para o mundo, e había hai uns anos un anuncio de telefónica, que a min non me gusta telefónica, nin son cliente, pero que cando anunciaban móbiles, a mensaxe era: `o importante é poder falar`. E eu coido que esa é a chave, non só da xente que somos un pouco maiores, se non da xente en xeral” [Home, 70 anos, cidade]

VII. VALORACIÓN DAS POLÍTICAS DIRIXIDAS ÁS PERSOAS MAIORES E EXPECTATIVAS DE FUTURO

- Valoran positivamente todas as medidas para a promoción do envellecemento activo.
- **Manifestan a súa preocupación pola redución de actividades para a promoción da autonomía persoal, e as axudas ás entidades que as ofertan.** Argumentan que, se estas axudas seguen a descender, os prezos que eles pagan aumentarán, e moitos maiores non poderán pagalos e se darán de baixa.
- **Valoran especialmente as residencias, os centros de día, a teleasistencia e os centros de maiores.** Dos centros de día, e incluso da teleasistencia, o que destacan é que permiten o contacto con outras persoas.

“Non é o mesmo que te vaia una persoa de axuda a domicilio a axudarte a ducharte, a asearte e a cama, a que ti podas estar con outra xente que se atopa nas túas mesmas condicións, coas que podes compartir un rato, un tempo...” [Muller, 60 anos, vila]

- **Están desencantados e esperan pouco das Administracións públicas; en cambio, destacan a labor das asociación de maiores e outras entidades sen ánimo de lucro.**

“de agrupacións nas que un poder caer e atopar un ámbito que o axude no que precise, que o escoite... Eu da administración non agardo nada (...) Se a administración tivese interese, debería crear un banco de persoas con saberes (...) para acudir a eles. Eu da administración espero pouco” [Home, 70 anos, cidade]

- Tamén, teñen certo temor a una baixada das pensións de xubilación e, en xeral, ao deterioro do Estado de benestar.

“O futuro vese un pouco negro” [Muller, 60 anos, vila]

“Está o semáforo amarelo” [Home, 82 anos, rural]

VIII. DEFINIÇÃO E SERIEDADE DO PROBLEMA

- Os expertos coinciden na definición deste problema público, así como en considerar que ten unha importancia alta ou moi alta.
- Entenden que os **cambios demográficos**, que conlevan un aumento da porcentaxe de persoas de máis de 55 anos sobre o total da poboación, obrigan ás Administracións públicas a prestar máis atención ao envellecemento da sociedade.
- Tamén comparten a opinión de que **as persoas de máis de 55 anos non constitúen un grupo homoxéneo**, senon que cómpre distinguir cando menos entre persoas: i) de 56 a 65 anos; ii) de entre 66 a 75 anos, e iii) de máis de 75 anos, así como ter en conta a tendencia subxacente ao adiamento e redución dos anos de dependencia.
- Convén falar de “xeracións que envellecen”, e analizar as características propias de cada xeración. Neste momento, a xeración que rolda os 50 anos, con máis persoas con estudos superiores, profesións de alta cualificación, cultura política máis democrática e novos hábitos no referido ao reparto das tarefas do fogar, previsiblemente, será máis proactiva e esixente coas Administracións públicas, que se verán obrigadas a diversificar os instrumentos das políticas de envellecemento activo.
- Moitos expertos indican que habería que destinar medidas de envellecemento activo tamén ás persoas de entre 51 e 55 anos, ou incluso de **entre 46 e 55 anos**, debido ao incremento no número de desempregados de longa duración maiores de 45 anos, e sustentándose na evidencia de que é **máis probable manterse activo máis tempo se a persoa permanece activa tras abandonar o mercado laboral ou se reactiva o antes posible**.
- Incluso, se argumenta que a meirande parte das medidas de promoción do envellecemento activo se deberían dirixir ao conxunto da **poboación** e non en exclusiva ás persoas maiores. Así, se evitaría ter que (re)activar ás persoas a partir dunha determinada idade, con menos garantías de conseguir que vivan máis anos con autonomía e ben. **Asociar envellecemento activo con persoas maiores, para moitos expertos, é unha anomalía que debe ser corrixida.**

IX. CONCEPTO DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO

- Existe acordo sobre a idea nuclear do envellecemento activo: **vivir máis anos nas milloras condicións.**
- Manéxase con carácter xeral o concepto da Organización Mundial da Saúde, que distingue tres dimensións do envellecemento activo: i) **saúde**, ii) **participación**, e iii) **seguridade**.
- Os expertos coinciden en que as políticas de envellecemento activo constitúen **un investimento rendable** porque reducen moi significativamente o gasto presente e futuro en atención á dependencia.
- **Consideran chave que as persoas maiores fiquen ata a idade máis avanzada posible no seu fogar, para lograr dous obxectivos importantes: i) conter o moi elevado gasto público parello á institucionalización de maiores; ii) manter aos máis maiores nas súas redes sociais tradicionais.**
- A idea de que as redes sociais son chave no benestar das persoas maiores aparece tamén nos grupos de discusión; pero: i) con moita maior intensidade que nas entrevistas a expertos; e ii) referida á integración en redes sociais novas despois da xubilación. **Para as persoas maiores activas formar parte dun grupo social no que se comunican e intercambian afectos é a principal fonte de benestar.**
- As persoas da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, onde se elabora o discurso dominante sobre o envellecemento activo en Galicia, e outras persoas pertencentes ao terceiro sector, reivindicán en maior medida a importancia da participación social para o benestar dos maiores.
- No entorno da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría están máis presentes os conceptos de "envellecemento exitoso" e "envellecemento saudable".
 - O **"envellecemento exitoso"** (*Successful Ageing*), dunha banda, se refire ao mantemento das funcións físicas e mentais, á importancia de garantir que as persoas acumulen as reservas psicolóxicas e físicas necesarias para soportar experiencias de estrés nos últimos anos da súa vida.
 - O **"envellecemento saudable"** (*Healthy Ageing*), doutra banda, parte de que as persoas maiores, lonxe de ser unha carga, son moi valiosas para a sociedade, e destaca a importancia de mantelas activas e facer desaparecer a discriminación baseada na idade da economía e da sociedade.

-A todos os expertos lles gustaría seguir contribuíndo á sociedade do mesmo xeito que o fan agora, pero con menor intensidade, esto é, todos eles coinciden en desexar que á súa xeración se lle aplique o concepto de “envellecemento saudable”. Ao igual que as persoas activas maiores de 55 anos que participaron nos grupos de discusión, valorarían positivamente a promoción de maiores como mentores-titores de traballadores máis novos, así como a introducción de procesos graduais de xubilación parcial.

- Moitos expertos reivindicán a necesidade de educar á sociedade no seu conxunto para eliminar a división entre os maiores de 55 (ou 65) anos e o resto da sociedade; para **deixar de referirnos aos maiores en terceira persoa**, na liña de que todos formamos parte dunha xeración que envellece todos os días e desexaremos seguir participando na sociedade mentres nos sexa posible.

- Esta liña argumental é plenamente coincidente cos resultados dos grupos de discusión. **“Maior” só é o non activado, con independencia da súa idade.**

- As persoas da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría sincéranse respecto ás dificultades para pasar da vella concepción do maior como obxecto a un novo enfoque que o considere suxeito das políticas públicas destinadas a promover o seu benestar. Esgrimen como causas destas resistencias o excesivo acento posto no pasado na tecnificación dos coidados ás persoas maiores, o temor dos profesionais da xerontoloxía e a xeriatría ao intrusismo, e tamén as características intrínsecas das xeracións que atenderon ata o momento (menos formadas, cunha cultura política menos democrática).

X. PRIORIDADES E INSTRUMENTOS BÁSICOS DAS POLÍTICAS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO EN GALICIA

- Neste momento, nun contexto de escasez de recursos, os actores públicos dan prioridade á prevención da dependencia e ao apoio ás persoas con autonomía limitada. Outros expertos, sen cuestionar o carácter prioritario da prevención da dependencia, discuten “o como” facelo, defendendo a asignación de máis fondos públicos á prevención de enfermidades e a detección precoz do deterioro cognitivo. Estas persoas chaman a atención sobre a falla de datos sobre o estado actual da poboación maior de Galicia.
- Algúns expertos poñen sobre a mesa que o concepto de dependencia é discutible e discutido. Defenden que “dependente” é só quen precisa doutra persoa para realizar algunha actividade básica; poñen en valor as novas tecnoloxías como ferramentas para evitar que moitas persoas sexan dependentes.
- Para a Administración autonómica é fundamental a coordinación entre os servizos sociais e o departamento con competencias en materia de sanidade, ao que asisten os primeiros co obxectivo básico de facer sostible o gasto sanitario e por ende o gasto público asignado ao benestar das persoas maiores.
- Algúns expertos botan en falla unha maior coordinación na planificación das actuacións destes dous departamentos.
- Os actores públicos deseñan novos servizos específicos para persoas con autonomía limitada, a fin de que vivan no seu fogar en boas condicións o maior tempo posible. Moitos outros expertos están moi interesados nesta liña de actuación, e reivindicán máis esforzos para ampliar a oferta de produtos adaptados a estas persoas. Algún expertos ven aquí un eido fértil no que aplicar con máis intensidade as novas tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) e no que continuar innovando.
- Os expertos coinciden en que as persoas maiores teñen temor ás TICs, ata que aprenden a manexalas e as fan súas, polo que consideran moi positivas as actividades formativas neste eido. Esta necesidade, non obstante, deixará de existir nas seguintes xeracións.

- Os Concellos non sempre respetan a planificación da Administración autonómica, e sería desexable clarificar o papel das Deputacións provinciais. Pero, **moitos expertos valoran moi positivamente o rol que desempeñan os Concellos** na mellora do benestar dos maiores.
- Algúns expertos chaman a atención sobre a importancia de promover unha **maior transversalidade** na atención ás necesidades específicas das persoas maiores nas distintas Administracións públicas.
- **Varios expertos do eido privado e sen ánimo de lucro** manifestan a súa preocupación pola caída dos recursos públicos destinados ás persoas maiores, o que conleva unha redución da extensión das políticas de envellecemento activo.
- **Moitos expertos coinciden en facer un retrato estereotipado do voluntariado de maiores.** Nos grupos de discusión se puxo de manifesto que o concepto de voluntariado nas persoas que hoxe teñen máis de 55 anos está máis normalizado do que pensamos os máis novos; cousa distinta é a oportunidade de extendela, a necesidade de facilitalo, sobre todo ás persoas que non viven nas cidades, máis aínda se non están previamente activadas.
- **Varios expertos chaman a atención sobre o feito de que algúns programas de voluntariado con maiores presentan problemas de deseño** porque non asumen como punto de partida que a persoa maior ten un valor intrínseco do que a máis nova voluntaria se beneficia. Como norma, as relacións de poder nos voluntariados con persoas maiores deberían ser favorables á persoa máis maior (Exemplos: persoas maiores que ensinan o idioma e costumes a inmigrantes ou a facer certas xestións a universitarios, maiores que len contos ou aprenden xogos aos nenos, etc.)
- **Algúns expertos ven o voluntariado con cautela, e insisten en que non debe reempazar a labor de traballadores en activo.**

XI. PAPEL DAS ASOCIACIÓNS DE PERSOAS MAIORES E DOUTRAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- Existe coincidencia sobre a importancia do papel das asociacións de persoas maiores e doutras entidades sen ánimo de lucro na promoción da participación social dos maiores.
- Pero, algúns expertos insisten en que nunca deben reempazar o rol dos profesionais da xerontoloxía e a xeriatría en dimensións do envellecemento activo distintas á participación social.
- Hai acordo sobre as dificultades que tenden a vivir as asociacións de maiores cando desaparecen os seus líderes tradicionais, así como sobre a necesidade de adaptar o asociacionismo de maiores ás demandas das novas xeracións que envellecen, con máis persoas proactivas e con habilidades sociais desenvolvidas.
- **Varios expertos chaman a atención sobre a importancia de manter profesionais cualificados nas asociacións de maiores, incluso porque facilitarían a expansión do voluntariado destas persoas.**
- Esta opinión é coincidente cos resultados dos grupos de discusión en tres aspectos importantes:
 - **As persoas maiores prefiren participar en actividades organizadas ou fomentadas dende as asociacións de maiores.**
 - **É previsible que as xeracións posteriores todavía rexeitan en maior medida as actividades organizadas directamente por parte das Administracións públicas.**
 - **É moito máis doado ser voluntario cando xa se está activado no seo dunha asociación de maiores (ou doutro grupo de persoas).**
 - **Os profesionais das asociacións de maiores poden consituír unha peza chave na difusión da información sobre as distintas opcións de voluntariado e na asistencia técnica.**

XII. CONCLUSIÓNS: “MAPA DO CAMBIO”

En base á información proporcionada polos grupos de discusión e as entrevistas en profundidade a actores chave destas políticas, entendemos que a promoción do envellecemento activo debe ter en conta as dez ideas forza seguintes:

1. Envellecer ben é un problema colectivo e público, non un problema particular ou privado. Non só as persoas de máis de 55 anos, todos envellecemos todos os días.

2. A importancia das palabras: “maior”, “envellecemento”... Revisar e mellorar a linguaxe oficial. Case ninguén se considera maior. Maior é só o non activo, quen non participa na sociedade.

3. O deseño de políticas públicas (non só das de índole social), debe ter en conta as necesidades específicas da porcentaxe crecente da poboación maior de 55 anos. Hai que implicalos activamente na formulación e na toma de decisións: aposta firme polas fórmulas participativas.

4. Enfoques e grupos de traballo máis multidimensionais e multidisciplinares. Promover equipas interdepartamentais na administración. Convén adoptar un enfoque multidimensional na prevención da dependencia, no que deben ocupar un lugar destacado: i) a I+D+i no eido da xerontoloxía e a xeriatría, ii) a promoción de maiores como mentores-tirores de traballadores máis novos, iii) o mantemento do poder adquisitivo das persoas xubiladas, iv) o apoio á profesionalización do asociacionismo de maiores, e v) a organización de actividades socioculturais gratuitas ou con prezos públicos reducidos para cando menos as persoas de máis de 45 anos.

5. O maior é o protagonista. O resto dos actores son secundarios e están para habilitar e potenciar, non para dirixir ou substituír. As persoas maiores son moi valiosas. Cómpre eliminar a discriminación asociada á idade de todos os eidos, e singularmente do mercado laboral.

6. Adaptar mellor as medidas aos públicos obxectivo concretos. Definir con maior precisión aos “clientes” de cada política ou programa. As medidas de promoción do envellecemento activo deben adaptarse ás características propias de cada xeración e etapa de envellecemento (de 46 a 55 anos, de 56 a 65 anos, de 66 a 75 anos, e maiores de 75 anos). Convén ter presente que as novas xeracións de maiores: i) serán máis esixentes coa Administración pública; ii) contarán con máis homes activos; e iii) estarán máis dispostas a seguir contribuíndo á sociedade máis tempo.

7. As políticas de envelhecimento activo empezan na infancia. É fundamental fomentar a participación na sociedade dende a infancia, para non ter que activar ou reactivar ás persoas xubiladas, con menos garantías de éxito.
8. A soidade é a chave. Debe ser a liña de comunicación forza e básica das políticas: políticas contra a soidade, antídoto contra a soidade. Tecer e dinamizar redes sociais é unha peza chave para o benestar de todas as persoas, especialmente dos maiores, cun maior risco á soidade e á depresión.
9. Graduar o nivel da participación a cada suxeito. Non forzar, e ampliar as posibilidades e niveis de participación: ir cara un modelo de participación é carta adaptado ás expectativas de cada individuo. Permanecer ou ficar activado é sempre o primeiro paso; o voluntariado chega despois. Polo de agora, os profesionais das asociacións de maiores deben converterse en pezas chave do voluntariado destas persoas.
10. Coordinar mellor: crear equipas interdepartamentais de seguimento, avaliación e mellora continua das políticas. No que atinxe ao deseño e implementación das políticas de envelhecimento activo, é recomendable facer un esforzo maior de coordinación entre os distintos departamentos da Administración autonómica, e entre a Administración autonómica e as Administracións locais. Implantar a cultura da avaliación.

XII. ANEXO: TRANSCRIPCIONES

Transcripción do Grupo de Discusión celebrado en Santiago de Compostela

Data e hora: mércores día 13 de novembro de 2013, 10:30 horas

Lugar: Aulas 3ª Idade de Galicia (Rúa Virxe da Cerca, 31)

[MODERADOR] Buenos días a todos, primero muchas gracias por colaborar con nosotros y participar en este grupo. Yo soy Iván Campoy, hoy también nos acompaña nuestro compañero Oliver y la profesora Cristina Ares que es la directora del estudio que estamos haciendo, de la facultad de ciencias políticas. Es un estudio del envejecimiento activo, que está financiado con fondos europeos y con un programa que es de colaboración entre Galicia y el norte de Portugal. El objetivo de este estudio es un poco el capturar las opiniones, un poco los debates que hay en la sociedad con respecto al bienestar de las personas mayores 55 años.

Lo que perseguimos un poco es recoger cual es la situación de este segmento de la población su vida cotidiano, sus expectativas de futuro, como es la labor que están haciendo las administraciones públicas en este asunto. Hemos dividido el estudio en dos fases distintas, primero hicimos una que fue una encuesta que fue a todos los ayuntamientos de Galicia y el norte de Portugal, con trabajadores sociales y educadores de allí que trabajan directamente con personas mayores de 55 años. Por otra parte está esta otra parte que hacemos entrevistas de profundidad a personas relevantes en el sector, y también grupos de discusión como éste que básicamente es como una tertulia de café, donde no hay turnos de palabra, solo educación en la palabra, pero en general non hay preguntas cerradas, lo que voy a hacer como moderador es plantear bloques temáticos, algunas preguntas generales para que ustedes nos expliquen un poco su experiencia, lo que opinan sobre estos temas de forma completamente libre y como deseen.

Como ven, sí que lo vamos a grabar tanto en video como en audio, simplemente para que después nos sea más fácil redactar el informe, de todas formas, nosotros nunca, y esto está así por ley de protección de datos, identificamos a la persona que expresa una opinión. Aquí lo que nos interesa es recoger el discurso del colectivo, más que identificar a las personas, nunca identificamos a quien habla y tratamos de forma anónima. También me gustaría dejar claro que aquí no hay respuestas correctas, no se trata de ver quién sabe más de un tema, sino de saber cuáles son sus experiencias, su vida cotidiana, lo que ustedes piensan.

Ahora, así para empezar un poco e introducir el tema pueden presentarse y decir su nombre, a que se dedican, su edad, así brevemente quien quiera que empiece.

[P1] Bueno, yo me llamo Isabel por ejemplo, y soy profesora, y vengo porque quiero, me apetece venir, y entretenerme, fui profesora y lo poco que se compartirlo con los demás. Y entonces ayudar de lo que se puede. Y a partir de eso me encontré aquí con gente muy alegre, cariñosa, en este momento muy discreta, muy cariñosa y la gente muy activa y trabajadora, y los que no están activados se van activando.

[P2] Yo me llamo María, también fui profesora y también colaboro en la parte que yo sé y asisto a clases para ponerme al día en informática. La experiencia es muy satisfactoria porque la gente es muy agradable, muy abierta en general, y encuentras nuevas amistades y te hace la vida mucho más agradable.

[P3] Por seguir el orden, yo soy José y pertenezco al mundo de la comunicación.

[P4] Yo soy Pura, soy funcionaria, bueno ahora soy jubilada, mejor dicho jubilosa como diría mi marido. Jubilada no es la palabra adecuada. Al jubilarnos nos metimos en estas aulas por seguir siendo activos y no abandonar de repente todo el ese y encontrar gente con la que involucrarse y hacer lo que te interesa.

[P5] Yo soy M^a Victoria, soy profesora jubilada de Historia, y ya allí tenía muchas aficiones de animación sociocultural yo era la que siempre llevaba a los chicos a los museos, a las excursiones, y todavía sigo en actividad en la escuela. Y aquí doy clase una vez a la semana, de historia de Galicia, de Europa. Y vine aquí por seguir un poco la historia y comunicarle a los demás ese impulso de mejorarnos, de aprender más, estoy encantadísima de la clase de historia, sobre todo ahora con la serie de Isabel, que nos tiene revolucionadas mirando si los personajes están bien o no. Pues estoy muy contenta aquí, la gente es muy amable, no sé si es así en todos los centros culturales, si tratarán con tanto cariño a las personas. Pero os puedo asegurar que hay gente que vino deprimida y en este momento están muy bien. Por lo que le estamos ahorrando dinero a la seguridad social en fármacos, ¡y a Europa!

